

MISIÓN COMERCIAL INVERSA IRLANDA

1-3 DE FEBREIRO 2023

Un dos **obxectivos do Clúster Alimentario de Galicia (Clusaga)** é mellorar o posicionamento das empresas alimentarias galegas nos mercados internacionais. Co apoio da **convocatoria IG208 do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape)**, organiza unha **misión comercial inversa de Irlanda** para estreitar **relacións comerciais** entre **empresas galegas e importadores e distribuidores deste mercado**.

A misión levarase a cabo a través de dúas modalidades. A **modalidade A** consiste na organización de **reunións** cos importadores por un custo de **25€/reunión**. A **modalidade B** inclúe, ademais, as **visitas a fábricas ou adegas** cos importadores, e ten un custo adicional de **75€**.

O MERCADO IRLANDÉS

Irlanda é un país pequeno, de aproximadamente **5 millóns de habitantes**, pero está considerado un dos máis atractivos a nivel económico na rexión europea. O mercado **destaca** por ter unha das maiores **rendas per cápita** da UE, unha **taxa de apertura comercial moi elevada** e, ademais, é **sede de grandes multinacionais**.

O **comercio exterior** representa un dos principais pilares da súa economía. En concreto, **o sector agroalimentario**, no que España ocupa un papel destacado como subministrador, **ofrece grandes oportunidades**.

PARTICIPACIÓN E SELECCIÓN

Os **importadores invitados** serán quen seleccione, a partir das **fichas das empresas inscritas**, aquelas coas que desexen manter unha reunión, así como as fábricas ou adegas que desexen visitar. Ademais, os importadores resérvanse o **dereito de desestimar tanto a reunión coma a visita** ás instalacións de empresas cuxos produtos non respondan aos seus intereses.

Esta misión inversa contará coa **participación de ata tres importadores ou distribuidores de alimentación e bebidas** procedentes de Irlanda.

A participación nestes encontros inclúe tanto a confección dunha **axenda personalizada**, coma a **difusión dos perfís das empresas** entre os importadores invitados. Isto último levarase a cabo facilitando un **directorio** das empresas participantes aos importadores.

Os **encontros** de ambas modalidades serán **organizados por Clusaga**. As **reunións** terán lugar en **Santiago de Compostela** e a súa duración será de media hora aproximadamente.

[Formulario de inscrición](#)

Máis información

- Data límite de inscrición: 20 de xaneiro de 2023.
- Custo de participación modalidade A - Reunións: 75€ (25€/reunión)
- Custo de participación modalidade B - Reunións e visita: 150€ (25€/reunión + 75€/visita)
- Recargo adicional para empresas non socias de Clusaga: 25€/reunión
- Máis información: 881 043 687 / international@clusaga.org.